



En cumprimento do disposto no artigo 135.3 da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de Contratos do Sector Público, faise pública a resolución de adxudicación provisional do procedemento negociado con publicidade para a contratación do Contrato da "Renovación das rede de saneamento e abastecemento na rúa Circunvalación, separando pluviais e adecuando a zona para implantación do gas e novas tecnoloxías", adoptado por Resolución desta Alcaldía o 28 de abril de 2.010, co seguinte contido:

- Visto o procedemento negociado con publicidade e tramitación urxente seguido neste Concello para a contratación das obras de "Renovación das rede de saneamento e abastecemento na rúa Circunvalación, separando pluviais e adecuando a zona para implantación do gas e novas tecnoloxías" financiadas co Fondo Estatal para o Emprego e a Sostenibilidade Local.
- Visto que dentro de prazo presentaron ofertas PETROLAM A VEIGA S.L., ACOVAL, S.A., UTE GALASUR-VIOVAL, CONSTRUCCIONES Y OBRAS PÚBLICAS MERO, S.A., SERVITEC MEDIOAMBIENTE, S.L., CONSTRUCCIONES Y OBRAS AYASA, S.L., E HORDESCÓN, S.L.
- Procedida á apertura do sobre no que presentaron as súas ofertas.
- Visto que o contido da oferta é conforme co sinalado nos Pregos.
- Vista a proposta da Mesa de Contratación.
- Vista a competencia desta Alcaldía en virtude da disposición adicional segunda da Lei 30/2007 e demais normativa aplicable.

#### **RESOLVO:**

**Primeiro.-** Adxudicar provisionalmente o contrato de obras de "Renovación das rede de saneamento e abastecemento na rúa Circunvalación, separando pluviais e adecuando a zona para implantación do gas e novas tecnoloxías" por se-la oferta mais vantaxosa, e axustarse ós Pregos, a HORDESCÓN S.L. por importe de **280.000 euros IVE incluído**. O adxudicatario ofertou 4 anos a maiores de garantía, a contratación de 15 traballadores desempregados e a execución en dous meses de dita obra. O crédito queda comprometido.

**Segundo.-** A adxudicación provisional queda condicionada, en todo caso, a que por parte do adxudicatario se aporte a seguinte documentación:

--Xustificante de ter constituída na Tesourería do Concello a correspondente garantía definitiva en calquera das formas previstas no artigo 84 da Lei 30/2007. O importe da garantía será do 5 % do importe da adxudicación excluído o IVE (12.068,96 €). A documentación deberá ser aportada no prazo máis breve posible e nunca máis alá de 5 días hábiles a contar dende o día seguinte á publicación da adxudicación provisional no Perfil do contratante. Transcorrido o devandito prazo, no seu caso, producirase a adxudicación definitiva.

**Terceiro.-** Coma condición previa á autorización de comezo da execución das obras deberá acreditarse ante este Concello as contratacións dos quinde traballadores desempregados comprometidas na súa oferta.

**Cuarto.-** Notifíquese o presente Acordo ós licitadores e publíquese a adxudicación provisional no Perfil do contratante.

En A Rúa de Valdeorras, 28 de abril de 2.010

